

# Dous alumnos "de matrícula"

Cristian Carbajales e Marta Rodríguez, mención de matrícula de honra en Bacharelato

Redacción  
A Estrada

A mención de matrícula de honra distingue á élite educativa galega, aos alumnos con mellores notas dos que conseguen cada ano o Premio Extraordinario de Bacharelato ao rematar os seus estudos secundarios. Neste 2011, dous estradenses cóntanse entre este selecto grupo. Son Marta Rodríguez Castro e Cristian Carbajales, ambos remataron o bacharelato de Humanidades no IES García Barros e acaban de comezar a súa vida universitaria en Santiago, nas carreiras de Comunicación Audiovisual e Dereito respectivamente. Gracias ao seu esforzo e adicación, poden gozar de matrícula universitaria gratuita e unha dotación de mil

taríame adicarme a algo relacionado co eido cinematográfico: realización, dirección ou guión", asegura. Por outra banda, Cristian escolleu facer Dereito, aínda que anos antes se prantexou entrar en Traducción e interpretación. "Do Dereito, o que máis me atraía era defender conceptos como os de xustiza, que me parecen moi interesantes. Ademais, sempre me encantaron as películas con tramas xudiciais. E por suposto, trátase dunha carreira con moitas saídas profesionais, e iso hoxe en día é moi importante". A pesar de todo, reconece non ter decidido todavía por qué rama do dereito decantarse. "Os meus obxectivos de momento son rematar a carreira o antes posible".

Unha media académica tan alta non se acada sen uns bós hábitos de estudio, aínda que ambos



Marta Rodríguez

"bastante bó" o nivel dos centros educativos da Estrada. "Normalmente é un problema de motivación dos alumnos, que ven asistir a clase como unha perda de tempo", di Cristian, "pero non creo que sexa correcto botarlle sempre a culpa aos profesores, ás veces entran en xogo factores de tipo persoal. A adolescencia sempre é unha época complicada". Marta incide ademais na ilusión por estudar despois unha determinada carreira. "Ao existir notas de corte tan altas para entrar algunhas,



Cristian Carbajales

a xente que quere entrar nelas xa ten unha motivación extra para esforzarse máis".

Sobre as recentes protestas e a polémica polos recortes en educación, Cristian ten claro que "á hora de recortar, o ensino non se debería tocar: está en xogo o crecemento da nosa sociedade. O ladrillazo xa non nos vale, e hai que formarse e apostar por outros sectores. Agora coa crise, na Universidade xa se empeza a comentar que ten que ser duro pasarse anos estudando unha carreira para despois non atopar traballo, pero ao mesmo tempo sabemos que así teremos máis posibilidades". "A educación é como unha gran empresa, e o que fai falta é investir nela", di Marta, "porque é investir en futuro". Sobre a dificultade de atopar saídas laborais, nos conta que "De momento estou no primeiro ano de carreira, e xa empezamos a facer bromas sobre o futuro en que acabaremos traballando de calquera cousa non relacionada coa carreira. Pero de momento intentamos disfrutar da experiencia". Trao seu brillante balance en secundaria, ambos afrontan agora o comezo dunha nova etapa vivindo en Santiago. Polo que din, parecen totalmente adaptados á vida universitaria. "Gústame moito. Hai que estudar un pouco máis, pero estou máis motivado, porque estou estudiando o que me gusta", asegura Cristian, "e a carreira responde ao que esperaba. As asignaturas de Penal e Civil son as miñas favoritas". "A universidade resultame moi interesante", di Marta. "Todas as específicas de audiovisual parécenme apaiñoantes, como por exemplo facer prácticas con cámaras, ou Linguaxe audiovisual. De momento a carreira responde totalmente ás miñas expectativas. Cando o que estudias te interesa de verdade, da gusto ir a clase e se disfruta cada día".

## Ambos estudian en Santiago, Cristian Dereito, e Marta Comunicación Audiovisual

euros neste comezo de curso.

Cristian é da parroquia de Remesar, e Marta do casco urbano estradense. Cristian obtivo unha media de 9'58 en bacharelato, e a súa compañeira algo máis de 9'60. Ambos se mostran orgullosos do premio, e agradecidos ao seu centro. "No García Barros hai profesores moi bós", asegura Cristian, "e sen eles probablemente non o tería conseguido. E tamén tiven moi bós mestres nos centros nos que estudei anteriormente, que foron o IES Nº1 e o colexio do Foxo". No caso de Marta, os seus estudos primarios transcuriron no Pérez Viondi.

Marta sempre se sentiu atraída polo mundo do cine e o audiovisual, de modo que escolleu Comunicación Audiovisual de maneira totalmente vocacional. "Xa no instituto fixen algún proxecto audiovisual, e encantoume. Gus-

aseguran que nunca foron de estudar tódolos días. Marta destaca que o importante é obrigarse a estudar cando chegan os exames, pero tamén facer traballos e lecturas complementarias. "No meu caso", di Cristian, "simplemente intentaba levar as cousas ao día, sen que se me acumulase moita materia, e estudar tódolos días en canto chegaba a época de exames. E non todo na miña vida eran os estudos, senón que sempre me gustou facer outras actividades, como xogar a tenis".

### Crise e fracaso escolar

A crise económica actual pon de manifesto a necesidade dunha maior formación para acadar un emprego, e atallar o fracaso escolar é unha das grandes preocupacións de docentes e institucións. Trátase dun tema que non lles é alleo, aínda que califican de